

Estimadas e estimados colegas.

Como en anos anteriores, neste inicio do curso, dirixímonos a vós para trasladarvos unha orientación básica do exame de Física da PAU 2026.

En primeiro lugar, queremos recordar que na PAU de 2026, os currículos estarán determinados, salvo instrución noutro sentido, pola Lei de Educación 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOMLOE), polo Real Decreto 243/2022, de 5 de abril, no que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas de bacharelato e o Decreto 157/2022, de 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 26 de setembro de 2022).

Ademais, a entrada en vigor do Real Decreto 534/2024, do 11 de xuño (aplicado na pasada PAU 2025), polo que se regulan os requisitos de acceso as ensinanzas universitarias oficiais de Grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión, introduce a avaliación por competencias no modelo de exame. Os exercicios deben ter, por tanto, un deseño competencial que permita comprobar o grao de consecución das competencias específicas das materias. Os exercicios requiren do estudantado a creatividade e capacidade de espírito crítico, de reflexión e de madurez para resolver por escrito unha serie de cuestións ou tarefas adecuadas ás competencias específicas avaliadas.

De cara á PAU 2026, este grupo de traballo considera que se debe consolidar este modelo.

Seguindo as instrucións da CIUG, o exame de Física constará de catro preguntas, de 2,5 puntos cada una, correspondentes a cada un dos catro bloques de contidos (2-5) do Decreto 157/2022.

O modelo da estrutura deste exame é o publicado pola CiUG, que se resume a continuación:

- A primeira das preguntas do exame é **de carácter competencial**, sen opcións nos apartados, e corresponderá ao bloque 2 (Campo gravitacional) ou ao bloque 4 (Vibracións e ondas) do decreto mencionado. Esta pregunta constará de dous ou tres apartados adaptados ás distintas competencias a avaliar.

As tres preguntas restantes terán a seguinte estrutura:

- Unha **cuestión obrigatoria** de carácter teórico/conceptual con tres posibles respostas (a, b e c). A selección da resposta debe ser razoada, sendo válida a posibilidade de demostración da invalidez de dúas delas. O valor máximo desta cuestión será 1 punto.

- **Un problema** a escoller entre dúas opcións. O valor máximo deste problema será 1,5 puntos e constará de dous apartados.

Os datos necesarios para responder tanto á cuestión como aos problemas aparecerán ao final de cada unha das preguntas.

O modelo de exame de Física publicado na web da CiUG a finais do mes de agosto correspóndese co que se acaba de describir.

As catro preguntas que compoñen o exame estarán adaptadas ao tempo de realización do exame (90 min)

Por último, quedamos á vosa disposición para calquera consulta, aclaración ou suxestión.

Grazas pola vosa colaboración e un cordial saúdo,

Grupo de Traballo de Física